



IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CONCELLO DA CAPELA

O obxectivo deste concurso é o difundir o patrimonio histórico, etnográfico e natural que conforman o Mosteiro de Caaveiro e as Fragas do Eume, na Capela, así como promover a defensa ambiental e o ecoloxismo.

TEMÁTICA:

Mosteiro de Caaveiro, patrimonio etnográfico (muiños, machuco, central eléctrica, museo...) e natural (fragas do Eume, áreas recreativas, rutas de sendeirismo) do Concello da Capela. O lugar fotografiado ha de ser recoñecible como pertenciente á Capela

PARTICIPACIÓN:

A participación é libre e gratuíta.

Poderán participar fotógrafos profesionais ou afeccionados maiores de idade, excepto: os membros do xurado, os membros do goberno municipal da Capela, os seus cónxuxes e parentes en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade. Tampouco poderá participar o persoal da empresa organizadora.

Os participantes polo simple feito de selo, manifestan coñecer e aceptar as Bases de Participación.

Cada participante poderá entregar un máximo de 5 fotografías.

As fotografías deberán ser inéditas, en B/ N ou en cor e non deben ser seleccionadas, ou premiadas en ningún outro certame ou concurso.

As fotografías deberán cumprir os Requisitos Técnicos indicados nas Bases e ser tomadas durante o ano 2.018 ou 2.019.

Os participantes responsabilizaranse da autoría, orixinalidade e contidos das súas fotografías.

As fotografías premiadas pasarán a ser propiedade compartida do Concello da Capela e da Deputación da Coruña.

O resto das fotografías presentadas, poderán ser utilizadas polo Concello –con mención do autor- no ben entendido de que este non poderá comercializalas.

A entrega farase en 2 sobres brancos pechados identificados cun pseudónimo que non deberá ser ningún nome propio, nin deberá levar acentos nin acentos. Uno dos sobres conterá as fotografías en soporte dixital (CD, DVD, pendrive usb) etiquetaxe co pseudónimo, cada unha delas identificadas co pseudónimo seguido dun guión baixo e un número (p.ex.: seudonimo_01, seudonimo_02...). O outro sobre deberá conter unha folla cos datos do participante (nome, apelidos, número de DNI, dirección completa, teléfono de contacto e email).

As entregas poderán facerse **entre o 1 de Outubro de 2019 e as 13:00 h do 25 de Outubro de 2019** no rexistro do Concello da Capela, ou por correo postal dentro dun sobre que conteña os outros dous, dirixido a Concello da Capela, As Neves, 46, 15613 A Capela, sempre que a entrada de dita correspondencia no rexistro do Concello sexa antes das 13:00h do día 25 de Outubro de 2019.

REQUISITOS TÉCNICOS:

As fotografías non deberán ter marcos, bordos, marcas de auga, firmas nin pés de foto.

O **formato** das imaxes debe ser **JPEG**, convertidas aol espazo de cor RGB con perfil incrustado. O **tamaño** mínimo será de 30x20 cm e o máximo de 45x30 cm. A **resolución** mínima será de 150 píxeles por pulgada e a máxima será de 300 píxeles por pulgada

Non se permite a manipulación nin a alteración dixital das fotografías. Só se admitirán axustes lixeiros que afecten a:

- Conversión da imaxe a branco e negro.
- Correccións globais de ton, equilibrio de branco, contraste, luminosidade, saturación de cor e axuste de sombras e luces.
- Redución selectiva de ruído dixital e gran.
- Limpeza de partículas así como corrección de distorsións e aberracións ópticas. Eliminación de viñeteo.

FASES DO CONCURSO:

Entre o 26 de Outubro e o 11 de Novembro de 2019, aproximadamente, o xurado fará unha selección das 10 fotografías que se consideren máis representativas da temática, dende ol punto de vista turístico e cultural. Esta primeira selección farana representantes do Concello da Capela e da empresa organizadora.

Desa selección, o xurado profesional emitirá unha puntuación atendendo únicamente a criterios técnicos e de orixinalidade.

A entrega de premios será presencial no Concello da Capela, previsiblemente o 16 de Novembro.

Os soportes dixitais nos que se presentaron as fotografías non premiadas poderán ser recolleitos, previa solicitude dos seus autores por correo electrónico dirixido con acuse de recibo a correo@concellodacapela.es, dentro dos 30 días seguintes ao anuncio dos premiados.

De non ser reclamados nese prazo, entenderase que os autores renuncian á súa propiedade a favor do concello da Capela, quen poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis conveniente.

PREMIOS:

Establécense 3 premios:

1. 500 €
2. 250 €
3. 150 €

A criterio do xurado, poderá declararse deserto o primeiro premio, se se considera que as fotografías presentadas non reúnen a calidade técnica suficiente. Nese caso, o importe de 500 repartirase en 2 accésits de 250€ cada un

XURADO:

O xurado estará formado por polo menos 2 fotógrafos profesionais, 1 representante do Concello da Capela e 1 representante da empresa organizadora. Os seus nomes desvelaranse o 11 de Novembro de 2018, aproximadamente, no portal web www.concellodacapela.es.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación o criterio do xurado ou da Organización.